

**Artigo 10. Réxime dos activos dados en garantía polas IIC de investimento libre.**

1. Cando unha IIC de investimento libre, ou a súa xestora, concerte un acordo de garantía financeira cun terceiro, en cuxa virtude se transmita a este a propiedade do ben entregado en garantía, ou o dito ben quede pignorado con dereito de disposición a favor do acreedor pignoratario, deberá informar desta circunstancia o depositario, en cumprimento do previsto no artigo 92 do Regulamento de IIC. O contrato asinado pola IIC ou a súa xestora e a entidade con que se alcanzase o acordo de garantía financeira, deberá prever que o depositario reciba a información necesaria para o cumprimento das funcións de supervisión e vixilancia que recolle o artigo 93 do Regulamento de IIC e o resto da normativa de aplicación.

2. Os acordos citados no parágrafo anterior só poderán subscribirse con entidades financeiras suxeitas a supervisión nun país da OCDE.

3. De conformidade co establecido no artigo décimo quinto do Real decreto lei 5/2005, do 11 de marzo, de reformas urxentes para o impulso da produtividade e para a mellora da contratación pública, tales acordos deberán prever con claridade as responsabilidades da IIC e do beneficiario das garantías en caso de incumprimento das súas respectivas obrigas e en situacións de insolvencia. En particular, iniciado o procedemento concursal do beneficiario da garantía, a IIC de investimento libre, cumprindo coas condicións que impón o artigo décimo quinto do Real decreto lei 5/2005, poderá pór termo de forma inmediata ao acordo de garantía financeira, realizando un pagamento único neto pola parte cuxa débeda sexa maior respecto á outra unha vez tomadas en conta todas as obrigas respectivas.

4. A CNMV determinará o contido adicional que deberá figurar no folleto informativo e na información periódica da IIC relativa aos acordos de garantía financeira mencionados no punto 1 deste artigo. Así mesmo, determinará o contido necesario das cláusulas dos contratos de que derivan os acordos de garantía financeira.

**Artigo 11. Documento de consentimento do investidor.**

1. Para efectos de cumprir o disposto na letra j) do artigo 43 e letra f) do artigo 44 do regulamento, o investidor deberá subscribir o documento a que se refiren tales letras nun documento independente da orde de subscripción. Ambos os documentos deben ser subscritos no mesmo acto. Así mesmo, deberase facilitar unha copia asinada deste documento de consentimento ao investidor.

2. O disposto no punto anterior será tamén de aplicación no caso de que a subscripción se realice por medios telemáticos. Neste caso, a CNMV poderá establecer os requisitos e adaptacións que sexan necesarios para o cumprimento desas obrigas.

**Disposición adicional única. Cálculo da comisión de xestión.**

Habílitase a CNMV para ditar as disposicións necesarias para a aplicación do sistema elixido de imputación da comisión de xestión sobre resultados, previsto no artigo 5 do regulamento.

**Disposición derogatoria única. Derrogación normativa.**

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao establecido na presente orde ministerial.

**Disposición derradeira única. Entrada en vigor.**

A presente norma entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial del Estado.

Madrid, 25 de abril de 2006.

SOLBES MIRA

Presidente da Comisión Nacional do Mercado de Valores e directora xeral do Tesouro e Política Financeira.

## MINISTERIO DE INDUSTRIA, TURISMO E COMERCIO

**7412** *ORDE ITC/1201/2006, do 19 de abril, pola que se determina a forma de remisión de información ao Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, sobre as actividades de fornecemento de produtos petrolíferos. («BOE» 99, do 26-4-2006.)*

Por Resolución do 1 de abril de 2005 da Subsecretaría do Ministerio da Presidencia dispúxose a publicación do Acordo de Consello de Ministros do 25 de febreiro de 2005, polo que se adoptan mandados para pór en marcha medidas de impulso á produtividade. Este acordo no seu Mandado 27 establece a modificación da Orde ministerial do 3 de agosto de 2000, pola que se determina a forma de remisión da información sobre prezos dos produtos petrolíferos, para perfeccionar o procedemento de envío de información de prezos de carburantes coa finalidade de incrementar a transparencia no sector retailista da distribución de produtos petrolíferos e mellorar a información dispoñible para os cidadáns relativa aos prezos destes produtos.

Doutro lado, a experiencia da aplicación da mencionada Orde do 3 de agosto de 2000, que non obriga ao envío de información sobre os descontos practicados a certos grupos de consumidores, levou á consideración de que esta información é importante para coñecer os prezos que realmente pagan estes consumidores. En consecuencia, na nova orde que agora se aproba incorpórase a obriga de información sobre os descontos realizados polos operadores.

Outra obriga que se inclúe na nova orde é a de información sobre vendas directas de carburantes e combustibles líquidos, até o presente establecida pola Resolución do 15 de xullo de 2002, da Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas, pola que se aproban os formularios oficiais para a remisión de información á Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas, á Corporación de Reservas Estratéxicas de Produtos Petrolíferos e á Comisión Nacional de Enerxía, ditada ao abeiro do previsto no artigo 62.3 da Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos e as súas normas regulamentarias de desenvolvemento. Mediante esta orde actualízanse e reorganizanse os formatos dos formularios contidos nos anexos 2.a e 2.b desa resolución.

Ademais, incorpóranse todos os tipos de fornecemento que a Lei de hidrocarburos considera como distribución a retallo de produtos petrolíferos, cuxos titulares deberán remitir a información de prezos, tal e como se establece no artigo vixésimo sétimo do Real decreto lei 5/2005, do 11 de marzo, de reformas urxentes para o

impulso da produtividade e para a mellora da contratación pública. Particularmente, e dada a actual conxuntura de prezos enerxéticos, faise moi conveniente dispor de información de prezos de carburantes utilizados no sector marítimo-pesqueiro e de lecer, así como o dos utilizados no transporte aéreo.

Tamén hai que ter en conta as novas circunstancias e feitos que inciden sobre o sector enerxético derivados, por un lado, do réxime de cesión de tributos do Estado ás comunidades autónomas no que se refire aos impostos especiais sobre hidrocarburos e, por outro, da exclusión ao transporte profesional do imposto de vendas a retallo no seu tramo autonómico, o que fai necesario coñecer as cantidades vendidas por cada instalación nas diferentes comunidades autónomas e, en especial, aquelas dirixidas ao segmento de consumidores que integran o sector de profesionais do transporte.

Para modernizar as relacións da Administración cos cidadáns, habilítase a remisión ao Ministerio desta información a través da internet e de mensaxes de teléfono móbil. Así mesmo, establécese o DNI electrónico como sistema de autenticación para o acceso ás aplicacións a través da internet.

A información de carácter semanal actualízase conforme o requirido pola Decisión 1999/280/CE do Consello, do 22 de abril de 1999, sobre un procedemento comunitario de información e consulta sobre os custos de abastecemento de petróleo cru e os prezos de consumo dos produtos petrolíferos (Diario Oficial n.º L 110 do 28 de abril de 1999). Estes últimos débense comunicar semanalmente á Unión Europea.

O Real decreto 1554/2004, do 25 de xuño, polo que se desenvolve a estrutura orgánica básica do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, no seu artigo 1 asigna a este departamento ministerial a elaboración e execución da política enerxética do Goberno. Pola súa parte, o artigo 4 da Lei 50/1997, do 27 de novembro, do Goberno, atribúelle aos ministros o exercicio da potestade regulamentaria nas materias propias do seu departamento.

A Comisión Nacional de Enerxía emitiu o preceptivo informe sobre o proxecto desta disposición xeral, de acordo co prescrito na disposición adicional décimo primeira da Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos.

Na súa virtude, dispoño:

## CAPÍTULO I

### Disposicións xerais

#### Artigo 1. *Obxecto.*

Esta orde ten por obxecto definir o contido da información de prezos, descontos e cantidades vendidas ou consumidas que as empresas fornecedoras de produtos petrolíferos estarán obrigadas a proporcionar ao Ministerio de Industria, Turismo e Comercio.

#### Artigo 2. *Ámbito obxectivo de aplicación.*

O disposto nesta orde é de aplicación ás seguintes actividades de fornecemento de produtos petrolíferos:

a) Fornecementos a vehículos e instalacións terrestres:

a.1) Fornecementos a través de instalacións habilitadas para o efecto.

a.2) Vendas directas a consumidores finais para consumo nas súas instalacións.

b) Fornecementos a embarcacións:

b.1) Fornecementos a través de instalacións de distribución a retallo a embarcacións.

b.2) Vendas directas a través de camión, brazo de carga, gabarra ou tubaxe.

c) Fornecementos a aeronaves.

#### Artigo 3. *Suxeitos obrigados ao envío de información.*

Quedan suxeitos ás obrigas de envío de información que se establecen por esta orde:

1. Os operadores por xunto de produtos petrolíferos por todas e cada unha das instalacións da súa rede de distribución definidas de acordo co disposto no artigo 4 do Real decreto lei 6/2000, do 23 xuño, de medidas urxentes de intensificación da competencia en mercados de bens e servizos, incluíndo aquelas instalacións vinculadas mediante dereitos reais, arrendamentos, concesións administrativas ou títulos análogos.

2. Os titulares dos dereitos de explotación das instalacións que un operador por xunto teña en réxime de cesión da explotación por calquera título habilitante, así como os titulares das instalacións con que o operador por xunto teña subscritos contratos de fornecemento en exclusiva.

3. Os titulares das instalacións de distribución a retallo que non formen parte da rede de distribución dun operador por xunto.

## CAPÍTULO II

### Información relativa a fornecementos para vehículos e instalacións terrestres

#### SECCIÓN 1.<sup>a</sup> FORNECEMENTO A TRAVÉS DE INSTALACIÓNS HABILITADAS PARA O EFECTO

#### Artigo 4. *Suxeitos obrigados ao envío de información.*

Estarán obrigados a remitir a información que se determina nesta sección os suxeitos mencionados no artigo 3 na medida en que fornezan a vehículos e instalacións terrestres habilitadas para o efecto.

#### Artigo 5. *Información que se debe remitir.*

Os suxeitos obrigados remitirán a información relativa a prezos, cantidades, descontos e datos básicos das instalacións, co formato establecido no anexo I.1, que inclúe, así mesmo, o procedemento que se debe seguir para a súa remisión.

#### Artigo 6. *Frecuencia e prazos de envío da información.*

1. A información a que fai referencia o artigo 5 remitirase de acordo co formato do anexo I.1.1 todos os luns ou día hábil posterior no suposto de ser festivo e cando se produza un cambio, caso en que se deberá comunicar o mesmo día en que este teña lugar e, como mínimo, unha hora antes da súa aplicación efectiva.

2. A información a que fai referencia o artigo 5 remitirase de acordo co formato do anexo I.1.2 mensualmente, e dentro dos 20 días naturais seguintes ao mes a que se refira a información.

3. A información a que fai referencia o artigo 5 deberá remitir de acordo co formato do anexo I.1.3, anualmente dentro dos primeiros 40 días naturais do ano. O envío de datos referirase aos datos do ano anterior.

SECCIÓN 2.<sup>a</sup> FORNECEMENTO MEDIANTE VENDAS DIRECTAS  
A CONSUMIDORES FINAIS PARA CONSUMO NAS SÚAS INSTALACIÓNS

Artigo 7. *Suxeitos obrigados ao envío de información.*

Estarán obrigados a remitir a información que se determina nesta sección os suxeitos mencionados no artigo 3 na medida en que fornezan a consumidores finais nas súas instalacións mediante vendas directas para consumo na súa instalación.

Artigo 8. *Información que se debe remitir.*

Os suxeitos obrigados remitirán a información relativa a prezos, cantidades e datos básicos das instalacións, co formato establecido no anexo I.2, que inclúe, así mesmo, o procedemento que se debe seguir para a súa remisión.

Artigo 9. *Frecuencia e prazos de envío da información.*

1. A información a que fai referencia o artigo 8 remitirase de acordo co formato do anexo I.2.1 todos os luns ou día hábil posterior en caso de ser festivo.

2. A información a que fai referencia o artigo 8 remitirase de acordo co formato do anexo I.2.2, mensualmente, e dentro dos 20 días naturais seguintes ao mes a que se refire a información.

3. A información a que fai referencia o artigo 8 deberase remitir de acordo co formato do anexo I.2.3, anualmente dentro dos primeiros 40 días naturais do ano. O envío de datos referirase aos datos do ano anterior.

### CAPÍTULO III

#### Información relativa a fornecementos para embarcacións

SECCIÓN 1.<sup>a</sup> FORNECEMENTO A TRAVÉS DE INSTALACIÓNS  
DE DISTRIBUCIÓN A RETALLO A EMBARCACIÓNS

Artigo 10. *Suxeitos obrigados ao envío de información.*

Estarán obrigados a remitir a información que se determina nesta sección os suxeitos indicados no artigo 3 na medida en que fornezan a embarcacións a través de instalacións de distribución a retallo a embarcacións.

Artigo 11. *Información que se debe remitir.*

Os suxeitos obrigados remitirán a información relativa a prezos, cantidades e datos básicos das instalacións, co formato establecido no anexo II.1, que inclúe, así mesmo, o procedemento que se debe seguir para a súa remisión.

Artigo 12. *Frecuencia e prazos de envío da información.*

1. A información a que fai referencia o artigo 11 remitirase no formato do anexo II.1.1, todos os luns ou día hábil posterior no suposto de ser festivo e cando se produza un cambio, caso en que se deberá comunicar o mesmo día en que este teña lugar e como mínimo unha hora antes da súa aplicación efectiva.

2. A información a que fai referencia o artigo 11 remitirase no formato do anexo II.1.2, mensualmente, e dentro dos 20 días naturais seguintes ao mes a que se refire a información.

3. A información a que fai referencia o artigo 11 deberase remitir no formato do anexo II.1.3, anualmente dentro dos primeiros 40 días naturais do ano. O envío de datos referirase aos datos do ano anterior.

SECCIÓN 2.<sup>a</sup> FORNECEMENTOS DIRECTOS A EMBARCACIÓNS A TRAVÉS  
DE CAMIÓN, BRAZO DE CARGA, GABARRA OU TUBAXE

Artigo 13. *Suxeitos obrigados ao envío de información.*

Estarán obrigados a remitir a información que se determina nesta sección os suxeitos mencionados no artigo 3 na medida en que fornezan directamente a embarcacións a través de camión, brazo de carga, gabarra ou tubaxe.

Artigo 14. *Información que se debe remitir.*

Os suxeitos obrigados deberán enviar a información relativa a prezos, cantidades e datos básicos das instalacións, de acordo co formato previsto no anexo II.2 que inclúe, así mesmo, o procedemento a seguir para a súa remisión.

Artigo 15. *Frecuencia e prazos de envío da información.*

1. A información a que fai referencia o artigo 14 remitirase no formato do anexo II.2.1, mensualmente, e dentro dos 20 días naturais seguintes ao mes a que se refire a información.

2. A información a que fai referencia o artigo 14 deberase remitir no formato do anexo II.2.2, anualmente dentro dos primeiros 40 días naturais do ano. O envío de datos referirase aos datos do ano anterior.

### CAPÍTULO IV

#### Información relativa a fornecementos para aeronaves

Artigo 16. *Suxeitos obrigados ao envío de información.*

Estarán obrigados a remitir a información indicada nesta sección os suxeitos indicados no artigo 3 na medida en que fornezan directamente a aeronaves.

Artigo 17. *Información que se debe remitir.*

Os suxeitos obrigados remitirán a información relativa a prezos, cantidades, e datos básicos das instalacións, co formato establecido no anexo III, que inclúe, así mesmo, o procedemento que se debe seguir para a súa remisión.

Artigo 18. *Frecuencia e prazos de envío da información.*

1. A información relativa a prezos a que fai referencia o artigo 17 remitirase no formato do anexo III.1, mensualmente, e dentro dos 20 días naturais seguintes ao mes a que se refira a información.

2. A información a que fai referencia o artigo 17 deberase remitir no formato do anexo III.1, anualmente dentro dos primeiros 40 días naturais do ano. O envío de datos referirase aos datos do ano anterior.

### CAPÍTULO V

#### Incumprimento, difusión e autorización

Artigo 19. *Incumprimento.*

De conformidade co artigo vixésimo sexto do Real decreto lei 5/2005, do 23 de xuño, o incumprimento da obriga de información recollida nesta orde, tanto nos prazos establecidos como no correcto contido dos datos requiridos ou a forma de envialos, será considerada

infracción administrativa grave de acordo co artigo 110, alíneas e) e k) da Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos.

Para tal efecto, de acordo co previsto na disposición adicional décimo primeira. terceiro.1.décimo primeira da Lei 34/1998 do sector de hidrocarburos, corresponde á Comisión Nacional de Enerxía acordar a iniciación dos expedientes sancionadores e realizar a instrución deles.

#### Artigo 20. *Difusión da Información.*

1. O Ministerio de Industria, Turismo e Comercio poderá difundir a información que considere relevante ou de interese para o consumidor, con indicación expresa dos seus datos identificativos e prezo de produtos, por calquera medio técnico informático ou telemático, mantendo esa información actualizada cos últimos datos dispoñibles.

Para a difusión desta información aos consumidores, ademais de se empregaren as ferramentas dispoñibles no propio Ministerio, como a súa páxina web, poderán subscribirse convenios de colaboración coas entidades idóneas para este labor. Os convenios deberán especificar, en todo caso:

- a) A periodicidade de remisión da información ás entidades cos últimos datos dispoñibles.
- b) Os procedementos de difusión da información polas entidades
- c) A información que se ofrecerá aos usuarios en función da súa localización.
- d) Os criterios para priorizar a información que se vai facilitar.
- e) O custo para os usuarios desta información.

O Ministerio de Industria, Turismo e Comercio dará acceso á Comisión Nacional de Enerxía e á Corporación de Reservas Estratéxicas de Produtos Petrolíferos á información a que se refire esta orde, para facilitar o exercicio das funcións que teñen legalmente encomendadas. Así mesmo, porá esta información ao dispor das comunidades autónomas para a análise do desenvolvemento das súas competencias nos seus respectivos ámbitos territoriais.

2. A información que non teña carácter público non se poderá divulgar de forma individual, pero si de forma agregada, respectándose no seu tratamento o carácter confidencial da información que estea protexida polo segredo comercial.

A transmisión individual da información soamente se efectuará en cumprimento de resolucións xudiciais ou petición expresa de autoridades administrativas que tiveren necesidade de coñecer esta información por motivos fiscais ou económicos.

#### Disposición adicional primeira. *Información de coordenadas de localización xeográfica das instalacións.*

Os suxeitos que remitan a información por medio de mensaxes curtas SMS deberán definir a situación xeográfica da súa instalación previamente ao envío de datos de prezos e ou cantidades vendidas, cubrindo o formulario establecido no enderezo da internet <http://www.mityc.es/OficinaVirtual>.

A situación xeográfica da súa instalación definirase mediante as coordenadas de latitude e lonxitude co seguinte formato GGLMMSS,S e no sistema de referencia ED-50,

Sendo:

GG: os graos, de 00 a 89. Sempre 2 cifras aínda que a primeira sexa un 0.

L: unha letra para indicar se a latitude é norte (N) ou sur (S), ou ben se a lonxitude é oeste (W) ou leste (E).

MM: os minutos, de 00 a 59. Sempre 2 cifras aínda que a primeira sexa un 0.

SS,S: os segundos, cun decimal. De 00,0 a 59,9. Sempre 2 cifras enteiras aínda que a primeira sexa un 0.

Se se capturaren as coordenadas xeográficas nun sistema de referencia diferente ao ED-50, por exemplo mediante observación directa GPS en sistema de referencia WGS84, cumprirá realizar unha transformación das coordenadas a este sistema de referencia. Como posible ferramenta para realizar a transformación, está dispoñible a calculadora xeodésica do Centro Nacional de Información Xeográfica do Ministerio de Fomento ([www.cnig.es](http://www.cnig.es)).

As coordenadas xeográficas en ED-50 pódense obter a partir do visualizador de mapas da Infraestrutura de Datos Espaciais de España ([www.idee.es](http://www.idee.es)).

#### Disposición adicional segunda. *Envío de información anual e mensual inicial.*

Antes de transcorreren 10 días desde a entrada en vigor desta orde, os suxeitos obrigados conforme o disposto no artigo 3 remitirán os datos anuais correspondentes ao ano 2005, así como os datos mensuais correspondentes aos meses de 2006 xa transcorridos, nos formatos especificados nos correspondentes anexos.

#### Disposición adicional terceira. *Substitución dos anexos 2.a e 2.b da Resolución do 15 de xullo de 2002, da Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas, pola que se aproban os formularios oficiais para a remisión de información á Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas, á Corporación de Reservas Estratéxicas de Produtos Petrolíferos e á Comisión Nacional de Enerxía.*

1. Os anexos 2.a e 2.b da Resolución do 15 de xullo de 2002, da Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas, substitúense polos que se inclúen nos anexos a esta orde.

2. O resto dos formularios oficiais para a remisión de información que figuran na citada Resolución do 15 de xullo de 2002, da Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas, manteñen a súa eficacia e aplicabilidade.

#### Disposición adicional cuarta. *Envío de información polas comunidades autónomas.*

As comunidades autónomas deberán incorporar ao rexistro de instalacións de fornecemento de produtos petrolíferos do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio as inscricións, altas, baixas e modificacións realizadas nos rexistros correspondentes ao seu ámbito territorial con carácter mensual, de acordo co establecido no artigo vixésimo sétimo do Real decreto lei 5/2005, do 11 de marzo, de reformas urxentes para o impulso da produtividade e para a mellora da contratación pública.

#### Disposición transitoria única. *Remisión de datos segundo formatos antigos.*

Durante os 30 días posteriores á entrada en vigor desta orde, deberase remitir adicionalmente a información solicitada nos formatos e prazos previstos na Orde do Ministerio de Economía, do 3 de agosto de 2000, pola que se determina a forma de remisión da información sobre prezos dos produtos petrolíferos.

#### Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Quedan derogadas a Orde do Ministerio de Economía, do 3 de agosto de 2000, pola que se determina a

forma de remisión da información sobre prezos dos produtos petrolíferos e, en xeral, cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao establecido nesta orde.

Disposición derradeira primeira. *Autorización para a modificación dos anexos da orde.*

Autorízase a Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas para modificar, mediante resolución, o contido dos anexos desta orde e, en particular, aquilo que estea relacionado co contido, os formatos e a forma de envío da información a que se refiren.

Disposición derradeira segunda. *Aplicación e execución da orde.*

A Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas adoptará as medidas necesarias para a aplicación e execución do disposto nesta orde.

Disposición derradeira terceira. *Aplicación e execución informática.*

A Subdirección Xeral de Tecnoloxías da Información e das Comunicacions do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio adoptarán as medidas necesarias para a aplicación e execución informática do disposto na orde.

Disposición derradeira cuarta. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor transcorridos tres meses desde a súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 19 de abril de 2006.

MONTILLA AGUILERA

### ANEXO I

#### Información relativa a fornecementos a vehículos e instalacións terrestres

I.1 FORNECEMENTO A TRAVÉS DE INSTALACIÓNS HABILITADAS PARA O EFECTO

I.1.1 *Prezos e outras informacións con periodicidade semanal mínima*

A. Remisión de instalacións individuais

1. Identificación de usuario e contrasinal.—Os titulares das instalacións de fornecemento a vehículos e instala-

cións terrestres deberán dispor dunha identificación de usuario e un contrasinal.

1) As instalacións de distribución que até a data xa estaban a utilizar identificación de usuario (número de rexistro da instalación) e contrasinal no sistema telemático de envío de prezos, seguirán utilizando o contrasinal que tivesen asignado e non necesitarán solicitar outro novo. O novo número de rexistro da instalación, que utilizarán como identificación de usuario, seralles proporcionado automaticamente.

2) As instalacións que até a data non estaban a utilizar o sistema telemático de envío de prezos, recibirán no prazo dun mes desde a publicación desta orde unha comunicación da Subdirección Xeral de Hidrocarburos coa identificación de usuario e o contrasinal.

3) Se no prazo dun mes desde a publicación da presente orde algunha das instalacións carece de identificación de usuario e contrasinal, deberá solicitala mediante a aplicación de remisión de información dispoñible no enderezo da internet <http://www.mityc.es/OficinaVirtual>.

Para que sexa posible proporcionar a identificación de usuario e o contrasinal, o titular da instalación de distribución ou o seu representante deberá ter comunicado á Subdirección Xeral de Hidrocarburos os datos a que se refire o artigo 4.dous do Real decreto lei 6/2000, do 23 de xuño. Esta comunicación deberase ter feito mediante o anexo I B) da Resolución do 17 de xullo de 2000 da Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas, que substitúe a localización dos formularios na letra A) do anexo <http://www.meh.es/censoEESS.htm> por <http://www.mityc.es/OficinaVirtual>, e o envío de datos indicado na letra C) do anexo censoEESS@meh.es por censoeess@mityc.es, e o Ministerio de Economía por Ministerio de Industria, Turismo e Comercio.

2. Remisión de prezos.—A información sobre o prezo dos carburantes e combustibles deberase enviar por algún dos seguintes procedementos:

Opción 1: Cubrindo os formularios establecidos na aplicación de remisión de prezos no enderezo da internet <http://www.mityc.es/OficinaVirtual>

O usuario deberase identificar co usuario e o contrasinal previamente facilitados e a seguir deberá cubrir o formulario que se lle facilite. Unha vez cuberto e validado, mostraráselle ao usuario unha pantalla co número de entrada asignado polo Ministerio de Industria, Turismo e Comercio e a data e a hora de presentación. Esta pantalla poderase imprimir e servir como comprobante da presentación telemática.

O formulario terá o seguinte formato:

Táboa 1

Nome do campo	Tipo do campo	Descrición
NÚM_REG.	Texto.	Número de rexistro da instalación (1).
MARGEN.	Texto.	D, E ou N (dereito, esquerdo, non aplicable) (2).
FECHAIPER.	Data.	Data do período de vixencia dos prezos: DD/MM/AAAA (3).
HORAIPER.	Texto.	Hora de inicio do período de vixencia dos prezos: hh:mm.
COPOSTAL.	Texto.	Código postal da instalación: XXXXX (5 caracteres numéricos con formato texto).
PVPG95SPB.	Número.	Prezo de venda ao público do produto gasolina 95: 0,999.
PVPG97CPB.	Número.	Prezo de venda ao público do produto gasolina 97: 0,999.
PVPG98SPB.	Número.	Prezo de venda ao público do produto gasolina 98: 0,999.
PVPGOA.	Número.	Prezo de venda ao público do produto gasóleo automoción habitual: 0,999.
PVPNGO.	Número.	Prezo de venda ao público do produto gasóleo automoción de características melloradas: 0,999.
PVPGOB.	Número.	Prezo de venda ao público do produto gasóleo B: 0,999.
PVPGOC.	Número.	Prezo de venda ao público do produto gasóleo calefacción: 0,999.
PVPBIOD.	Número.	Prezo de venda ao público do produto biodiésel: 0,999.
GESTIÓN.	Texto.	Réxime de xestión da instalación: X (4).

Nome do campo	Tipo do campo	Descrición
ROTULO.	Texto.	Rótulo comercial da instalación: X.X (máx. 50 caracteres) (5).
TEVENTA_COOP.	Texto.	Tipo de venda do titular da instalación ao consumidor final: X (6).
XTOS_VTA_RGDA_COOP.	Texto.	Produtos que soamente se venden a asociados ou cooperativistas: X.X (máx. 20 caracteres, co formato indicado) (7).
COORDX.	Texto.	Coordenada xeográfica de lonxitude da instalación en graos, minutos e segundos, no sistema de referencia ED-50. (8).
COORDY.	Texto.	Coordenada xeográfica de latitude da instalación en graos, minutos e segundos, no sistema de referencia ED-50. (8).
PPM_PVINGO.	Texto.	Partes por millón de xofre do produto gasóleo automoción de características melloradas. O seu valor será «10» ou «50».

(1) Número de rexistro da instalación: o número de rexistro da instalación será un código alfanumérico composto por tres letras identificativas da comunidade autónoma e o número de rexistro autonómico, sen ningún espazo entre eles. Pode ter máis ou menos dos caracteres representados. En todo caso deberase escribir completo.

1. As letras correspondentes a cada comunidade autónoma serán as seguintes: AND = Andalucía, ARA = Aragón, AST = Asturias, IBA = Illes Balears, CNT = Cantabria, CAT = Cataluña, CEU = Ceuta, CLM = Castilla-La Mancha, CVA = Comunidade Valenciana, CYL = Castilla y León, EXT = Extremadura, GAL = Galicia, CNA = Islas Canarias, MAD = Madrid, MEL = Melilla, MUR = Murcia, LRI = La Rioja, NAV = Navarra, PVA = País Vasco.

2. As instalacións de fornecemento cuxo número de rexistro autonómico non conste, pero si un número de rexistro nacional, porán neste espazo o seu número de rexistro nacional despois das tres letras citadas.

(2) Marxe: a marxe D defínirase en sentido crecente da quilometraxe da estrada, sendo E o oposto e N cando non sexa aplicable. As instalacións co mesmo número de rexistro e situadas a ambos os lados dunha mesma estrada, autovía ou autoestrada enviarán dous ficheiros identificados respectivamente coas letras D e E.

(3) Data do período de vixencia dos prezos.—Será a data en que houbese cambio de prezos naquelas instalacións en que se produza o cambio, ou a de todos os luns no envío obrigatorio de todos os prezos da rede.

(4) Código correspondente ao réxime de xestión da instalación:

P: Xestión polo operador por xunto: instalacións xestionadas polo operador ou por unha das súas sociedades filiais, nas cales o prezo final de venda ao público o fixa o operador.

F: Instalacións sobre as cales o operador detén a propiedade (ou dereito real ou título análogo) cuxa xestión se cedeu a un terceiro en réxime de venda en firme con contrato en exclusividade.

G: Instalacións sobre as cales o operador detén o título de propiedade (ou dereito real ou título análogo) cuxa xestión se cedeu a un terceiro en réxime de comisión ou axencia.

C: Instalacións nas cales a titularidade e a xestión son dun particular que ten subscrito un contrato de fornecemento en exclusiva cun operador por xunto en réxime de comisión; o prezo final fíxao o titular da instalación aínda que o operador establece as comisións máximas.

V: Instalacións nas cales a titularidade e a xestión son dun particular que ten subscrito un contrato de fornecemento en exclusiva cun operador por xunto en réxime de venda en firme: o prezo final fíxao o titular da instalación, aínda que o operador pode comunicar prezos máximos ou recomendados.

T: Xestión Independente. Instalacións xestionadas por un terceiro, o prezo final fíxao a propia instalación. Sen contrato de exclusividade.

D: Outros réximes non considerados nos anteriores.

(5) Exemplos: Meroil, Galp, Energiberia, Gasolinera Urbaneja.

(6) Tipo de venda do titular da instalación cooperativa ou asociación ao consumidor final:

P: Venda ao público en xeral.

R: Venda restrinxida aos asociados ou cooperativistas.

Se unha instalación fornece aos seus asociados ou cooperativistas un produto a un prezo diferente do de venda ao público en xeral, deberá remitir dous rexistros, un co código P (venda ao público en xeral) e outro con R (venda restrinxida a asociados ou cooperativistas). Se soamente vende aos seus asociados ou cooperativistas, porá os prezos de venda a estes asociados e fará constar neste campo a letra R. O código A porase no caso onde venda produtos diferentes ao público en xeral e aos seus asociados ou cooperativistas, caso en que se debe cubrir o campo XTOS\_VTA\_RGDA\_COOP que se describe no seguinte parágrafo.

(7) Produtos que soamente se venden a asociados ou cooperativistas: débense escribir os códigos dos produtos que soamente se venden aos asociados ou cooperativistas separados por «/». Exemplo: GOA/GOB.

(8) Situación xeográfica: as coordenadas de latitude e lonxitude remitiranse no formato GGLMMSS,S e no sistema de referencia ED-50. Sendo:

GG: os graos, de 00 a 89. Sempre 2 cifras aínda que a primeira sexa un 0.

L: unha letra para indicar se a latitude é norte (N) ou sur (S), ou ben se a lonxitude é oeste (W) ou leste (E).

MM: os minutos, de 00 a 59. Sempre 2 cifras aínda que a primeira sexa un 0.

SS,S: os segundos, cun decimal. De 00,0 a 59,9. Sempre 2 cifras enteiras aínda que a primeira sexa un 0.

Se se capturaren as coordenadas xeográficas nun sistema de referencia diferente ao ED-50, por exemplo mediante observación directa GPS en sistema de referencia WGS84, cumprirá realizar unha transformación das coordenadas a este sistema de referencia. Como posible ferramenta para realizar a transformación, está dispoñible a calculadora xeodésica do Centro Nacional de Información Xeográfica do Ministerio de Fomento ([www.cnig.es](http://www.cnig.es)).

As coordenadas xeográficas en ED-50 pódense obter a partir do visualizador de mapas da Infraestrutura de Datos Espaciais de España ([www.idee.es](http://www.idee.es)).

Entenderase por prezo de venda ao público o prezo aplicado ao pé da bomba sen descontos.

Entenderase por biodiésel o establecido no Real decreto 1700/2003, do 15 de decembro, polo que se fixan as especificacións de gasolinas, gasóleos, fueis e gases licuados do petróleo, e o uso de biocarburantes, ou a normativa equivalente que estivese en vigor nese momento.

Opción 2: Remitindo a información por medio de mensaxes curtas SMS ao teléfono 606 369 907.

O formato desta mensaxe, que non deberá conter ningún espazo en branco, será o seguinte:

\*N#CLV:99999999;NRA:XXXXXXXXX;CINS:X;DATA:DD-MM-AA;HORA:HH:MM;

G95:0,999;G97:0,999;G98:0,999;GOA:0,999;NGO:0,999;GOB:0,999;GOC:0,999;BIO:0,999

O significado dos campos contidos na mensaxe é o seguinte:

CLV: Contraseñal asignado pola Subdirección Xeral de Hidrocarburos

NRA: Número de rexistro da instalación.

CINS: Marxe da estrada en que se encontre a instalación (E, D ou N).

DATA: Data de inicio do período de vixencia dos prezos.

HORA: Hora de inicio de período de vixencia.

G95: Prezo de venda ao público do produto gasolina 95.

G97: Prezo de venda ao público do produto gasolina 97.

G98: Prezo de venda ao público do produto gasolina 98.

GOA: Prezo de venda ao público do produto gasóleo automoción habitual.

NGO: Prezo de venda ao público do produto gasóleo automoción de características melloradas.

GOB: Prezo de venda ao público do produto gasóleo B.

**GOC:** Prezo de venda ao público do produto gasóleo calefacción.

**BIO:** Prezo de venda ao público do produto biodiésel  
Entenderase por prezo de venda ao público o prezo aplicado ao pé da bomba sen descontos.

Entenderase por biodiésel o establecido no Real decreto 1700/2003, do 15 de decembro, polo que se fixan as especificacións de gasolinas, gasóleos, fueis e gases licuados do petróleo, e o uso de biocombustibles, ou a normativa equivalente que estiver en vigor nese momento.

Se a instalación non fornecer algún dos produtos, non incluírá na súa mensaxe nin o prezo nin os tres caracteres do campo do produto.

No caso de que a lonxitude da mensaxe co formato que se indica exceda a máxima fixada polo operador de telefonía para o envío dunha mensaxe individual, enviarase unha primeira mensaxe cos campos e prezos dos produtos que non excedan esta lonxitude e unha segunda mensaxe cos campos e prezos de produtos que non couberon no primeiro, mais precedido de todos os encabezamentos incluídos na primeira mensaxe até o primeiro produto consignado, seguido dos produtos que faltaban.

A mensaxe poderase remitir tanto desde un teléfono móbil como desde un fixo que permita enviar e recibir este tipo de mensaxes.

Non se admitirán mensaxes cuxa data de inicio do período de vixencia dos prezos sexa anterior ou máis de tres días posterior á data do día en que se envíen.

Unha vez remitida a mensaxe curta SMS, o Ministerio de Industria, Turismo e Comercio responderá ao mesmo teléfono desde o cal se realizou o envío.

Se a mensaxe se procesar correctamente, recibirase unha mensaxe curta co seguinte formato:

\*A súa mensaxe foi procesada e rexistrada no Ministerio de Industria, Turismo e Comercio co n.º de rexistro de entrada 999999999 e con data e hora dd/mm/aaaa hh:mm

Se a mensaxe non se procesar correctamente, recibirase dúas mensaxes curtas co seguinte formato:

Primeira mensaxe: \*A súa mensaxe ao Ministerio de Industria, Turismo e Comercio non se procesou correctamente. Por favor, cubra os campos da mensaxe que lle chegará a seguir. Incidencias no 91-349-40-05.

Segunda mensaxe: Cubra os campos e reenvíe a mensaxe: \*N#CLV;; NRA;; CINS;; DATA;; HORA;; G95;; G97;; G98;; GOA;; NGO;; GOB;; GOC;; BIO:

As instrucións complementarias de remisión de prezos e acceso dos usuarios a través da internet publicaranse e manteranse permanentemente actualizadas no enderezo da internet <http://www.mityc.es/OficinaVirtual>.

## B. Remisión agrupada

### I. Información que debe ser remitida por:

a) Os operadores por xunto de produtos petrolíferos de todas as instalacións da súa rede de distribución.

b) Os titulares de instalacións de fornecemento a vehículos e instalacións terrestres, ou os seus representantes, que envíen conxuntamente datos de ao menos cinco instalacións.

Remisión de información: a información deberase enviar mediante transferencia de ficheiros ao Ministerio de Industria, Turismo e Comercio a través da páxina web <http://www.mityc.es/OficinaVirtual>

#### 1. Acceso á aplicación:

##### Opción 1. Usando sinatura electrónica avanzada.

A sinatura electrónica estará baseada nun certificado que cumpra coas recomendacións UIT X.509.V3 ou superiores (ISO/IEC 9594-8 de 1997) e que ademais cumpra cos requisitos técnicos aprobados e publicados na oficina vir-

tual do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, especialmente o DNI electrónico.

(<http://www.mityc.es/OficinaVirtual>)

Estes certificados poderanse obter de calquera autoridade de certificación que forneza certificados recoñecidos axustados a estes requisitos técnicos. Unha vez obtido o certificado electrónico de usuario, os operadores por xunto, os titulares de instalacións de distribución a retalho, as cooperativas ou os seus representantes deberán remitir ao enderezo de correo electrónico [censoeess@mityc.es](mailto:censoeess@mityc.es) o nome, apelidos e NIF da persoa ou persoas que, estando en posesión deste certificado, estean autorizadas para a remisión dos prezos dos produtos petrolíferos usando a sinatura electrónica avanzada.

O acceso á aplicación realizarase usando o certificado de sinatura electrónica avanzada solicitado e mediante calquera dos seguintes navegadores:

Netscape versións 4.5x ou posterior (excepto as versións 4.60, 4.78 en castelán e Netscape 6.0, 7.0 e 7.1)

MS Internet Explorer versión 5.0 ou posterior

Mozilla versión 1.7b ou posterior

Wamcom versión 1.3.1 ou posterior

Opción 2. Usando identificación de usuario e contrasinal.

A Subdirección Xeral de Hidrocarburos remitirá, no prazo dun mes desde a publicación desta orde, aos operadores por xunto e titulares que envíen conxuntamente datos de máis de cinco instalacións a identificación de usuario e contrasinal.

Os suxeitos incluídos neste número que non reciban a identificación no prazo establecido, deberán solicitala mediante a aplicación de remisión de prezos no enderezo da internet <http://www.mityc.es/OficinaVirtual>.

2. Xuntar o ficheiro cos prezos: premendo o botón Xuntar aparecerá unha pantalla para seleccionar o ficheiro de prezos que se desexa enviar.

Os ficheiros deberán ser de tipo Excel versión 97 ou superior. Un modelo baleiro deste ficheiro poderase descargar na páxina web.

O nome do ficheiro codificarase como ITGFSZZZAAAAMMDD.XXX, onde:

As tres primeiras letras identifican que se trata de instalacións terrestres xerais (ITG)

As dúas seguintes letras fan referencia ao carácter de frecuencia semanal (FS) mínima.

Os tres primeiros caracteres ZZZ: Código alfabético do operador (véxase táboa 2), ou código alfanumérico asignado ao remitente de datos de ao menos 5 EE.SS (este código terá sido comunicado pola S. X. de Hidrocarburos xunto coa identificación de usuario e o contrasinal).

Os oito restantes díxitos serán a data do envío con formato aaaammdd.

A extensión XXX despois do punto será xls para «Excel».

Táboa 2

Código	Operador ou remitente de datos
AGI	AGIP ESPAÑA S.A.
BAL	BIOCARBURANTES ALMADEN, S.L.
BCA	BIODIESEL CAPARROSO, S.L.
BCL	BIOCARBURANTES CASTILLA Y LEÓN, S.A.
BCM	BIODIESEL CASTILLA LA MANCHA, S.L.
BEU	BIONET EUROPA, S.L.
BPO	BP OIL ESPAÑA S.A.
BTR	BIONOR TRANSFORMACIÓN, S.A.
CAT	SOCIETAT -CATALANA DE PÉTROLIS, S.A., PETROCAT.
CEP	Empresas do grupo CEPESA.

Código	Operador ou remitente de datos
DID	DISTRIBUCIÓN INDUSTRIAL DERIVADOS DEL GASÓLEO, S.L.
DIS	Empresas do grupo DISA.
DPB	DISTRIBUCIONES PETROLÍFERAS BERASATEGUI MURUZABAL HERMANOS, S.L.
DUC	PETROLIFERA DUCAR, S.A.
DYN	DYNEFF ESPAÑA S.L.
ECE	ECOCARBURANTES ESPAÑOLES, S.A.
ECT	ECTRIC SPAIN, S.L.
EPE	EMPRESARIOS PETROLÍFEROS Y ENERGÉTICOS, A.I.E. (EPENERGY).
ERG	ERG PETRÓLEOS. S.A.
ESE	ESERGUI. S.A.
ESO	ESSO ESPAÑOLA, S.A.
EUR	EUROCUBA 2000, S.L.
FMM	FUEL AND MARINE MARKETING DE ESPAÑA, S.R.L.
FOA	FORESTAL DEL ATLANTICO, S.A.
GAL	GALP ENERGÍA ESPAÑA S.A.
GEN	GRUPO ECOLÓGICO NATURAL, S.L. (GEN).
GLM	GESTIÓN LOGÍSTICA DE HIDROCARBUROS LA MANCHA, S.L.
IST	ISTAMELSA, S.L.
KUW	KUWAIT PETROLEUM ESPAÑA S. A.
MER	MEROIL, S.A.
OCL	OPERADORES DE CASTILLA Y LEÓN, A.I.E.
OIN	OIL INVEST ESPAÑA. S.A.
PCA	PETROLIFERA CANARIA, S.A.
PEA	PETROAZUL, S.L.
PMI	PETROMIRALLES 3, A.I.E.
PMN	PETROLÍFERA MARE NOSTRUM, A.I.E. (PETROMAR).
PNO	PETRO-NOVA OIL, S.A.
PTA	PETROLIERS ASSOCIATS, A.LLE.
REP	Empresas do grupo REPSOL.
SAR	SARAS ENERGÍA S.A.
SHE	SHELL ESPAÑA, S.A.
SIC	SIERRA CAMEROS, S.A.
SOK	SOKET, S.L.
STP	STAR PETROLEUM, S.L.
STV	STOCKS DEL VALLÉS, S.A.
TEX	TEXACO PETROLIFERA S.A.
TOT	TOTAL ESPAÑA, S.A.
TRA	TRANSPORTES Y SERVICIOS DE MINERA S.A. (TRASEMISA).
VOP	VIA OPERADOR PETROLÍFERO, S.A.

As instalacións de distribución a retalho situadas en grandes establecementos comerciais porán no código «firma» o texto «HIP», seguido (sen espazo) das tres primeiras letras do nome comercial do grande establece-

mento, seguido (sen espazo) se for o caso, do código do operador nos casos permitidos polo RD-L 6/2000 (todo en maiúsculas).

No caso das asociacións, cooperativas e os titulares de instalacións de distribución a retalho que agrupen ao menos cinco instalacións, ou os seus representantes, e sempre cumprindo coa presente normativa, seguirán sendo válidos os códigos actuais existentes.

3. Envío do ficheiro: unha vez xuntado o ficheiro, e se se estiver de acordo cos datos, deberase premer no botón Enviar ficheiro.

Se o mesmo día se transferir máis dun ficheiro con prezos correspondentes á mesma instalación, teranse en conta os datos do último envío, sempre e cando se faga constar unha hora coherente de inicio do período de vixencia dos prezos.

Non se admitirán ficheiros cuxa data de comezo do período de validez sexa anterior ou máis de tres días posterior á data do día en que se envíen.

4. Aviso de recepción do envío realizado: unha vez enviado o ficheiro cos prezos, mostraráselle ao usuario unha pantalla co número de entrada asignado polo Ministerio de Industria, Turismo e Comercio e a data e a hora de presentación. Esta pantalla poderase imprimir e servir como comprobante da presentación telemática.

5. Procesamento da información: o sistema procesará o ficheiro e enviará o mesmo día un correo electrónico ao remitente no cal se lle indicará se o procesamento foi correcto ou se, polo contrario, se acharon erros. Neste último caso, o remitente deberá, o mesmo día, corrixir os erros sinalados e volver a transferir o ficheiro.

#### Estrutura do ficheiro:

A estrutura do ficheiro será a indicada na táboa 1, incluíndo a sinatura de identificación do operador ou remitente de datos de acordo coa táboa 2.

Para consignar adecuadamente as especificacións, deberanse seguir as instrucións complementarias existentes na seguinte páxina web <http://www.mityc.es/OficinaVirtual>

#### I.1.2 Remisión de información mensual de prezos, cantidades e descontos

##### A. Remisión de instalacións individuais

A remisión desta información realizarase seguindo calquera dos dous procedementos definidos na letra A do anexo I.1.1:

Cubriranse os formularios dispoñibles no enderezo da internet <http://www.mityc.es/OficinaVirtual>, que terán o seguinte formato:

##### a) Total de consumidores:

Táboa 3

Nome do campo	Tipo do campo	Descrición
NÚM_REG.	Texto.	Número de rexistro da instalación (véxase a táboa 1).
FECHA_ENVÍO.	Data.	Formato dd/mm/aaaa.
PRODUCTO.	Texto.	G95, G97, G98, GOA, NGO, GOB, GOC ou BIO.
PERÍODO.	Texto.	Formato aaaa/mm.
PVP_MED_POND.	Número.	Media ponderada por litros vendidos dos prezos de venda ao público aplicados na instalación: 0,999.
PSI_MED_POND.	Número.	Media ponderada por litros vendidos dos prezos sen impostos aplicados na instalación: 0,999.
CANTIDADES.	Número.	m <sup>3</sup> vendidos na instalación: 99999999,999.

## b) Consumidores con desconto:

Deberán remitir esta información soamente os titulares de instalacións que emitan cartóns ou outros instrumentos de aplicación de descontos.

Táboa 4

Nome do campo	Tipo do campo	Descrición
NÚM_REG.	Texto.	Número de rexistro da instalación (véxase a táboa 1).
FECHA_ENVÍO.	Data.	Formato dd/mm/aaaa.
PRODUCTO.	Texto.	G95, G97, G98, GOA, NGO, GOB, GOC ou BIO.
PERÍODO.	Texto.	Formato aaaa/mm.
GRUPO_CDORES.	Texto.	Grupo de consumidores (1).
PVP_MED_POND_GRUPO.	Número.	Media ponderada por litros vendidos dos prezos de venda con desconto aplicados ao grupo: 0,999.
